



Nº EXPEDIENTE: 2025/SUBDIREC/000040

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A ENTIDADE FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE TRIÁTLON PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE DO TRIÁTLON NO CONCELLO DE PONTEVEDRA NO ANO 2025

No Concello de Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, no exercicio das atribucións conferidas pola lexislación do Réxime e Administración Local.

Doutra parte, D. José Hidalgo Martín, co NIF **9820****, actuando como presidente en nome e representación da entidade Federación Española de Tríatlón (NIF Q0878004A), segundo resulta acreditado na documentación de representación que consta no servizo de deportes, asegurando a vixencia do seu cargo e das súas facultades para este acto.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade xurídica bastante para o outorgamento e formalización deste convenio e, a tal efecto

EXPOÑEN:

I. Atendendo ao disposto polos artigos 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e de instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, fomentar e promover a actividade deportiva no seu territorio respectivo. Débese ter en conta tamén o disposto no artigo 43 da Constitución de 1978, cando estipula que: "Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Asemade, facilitarán a axeitada utilización do ocio".

II. Que entre os principais fins da entidade Federación Española de Tríatlón figuran os concorrentes coas competencias municipais expresadas.

III. O Concello de Pontevedra fai un esforzo moi importante, dende os últimos anos, para a celebración no noso municipio de eventos deportivos de primeira orde no Estado español e a nivel internacional, coa finalidade de fomentar a participación deportiva entre a poboación e promover a súa imaxe. Deste xeito, propuxo a súa candidatura como sede do 2025 World Triathlon multisport championships Pontevedra que foi adxudicada pola xunta executiva da World triathlon da Federación Internacional de Tríatlón (World Triathlon), na súa sesión do 12 de abril de 2023.

Do 20 ao 29 de xuño celebráronse en Pontevedra, por segunda vez na historia en Pontevedra, o 2025 World Triathlon multisport championships Pontevedra tanto na cidade (Campionato do Mundo de Dúatlón, Campionato do Mundo de Paratríatlón, Campionato do Mundo de Aquatlón, e Campionato do Mundo Tríatlón de Longa Distancia), como no Pontillón de Castro na parroquia de Verducido (onde





se celebraron os Campionatos do Mundo de Tríatlon Cross e o Campionato do Mundo de Dúatlon Cross).

O evento deportivo para o que se solicita a axuda é unha proba do máis alto nivel internacional de grande interese público e social, polo elevado número de participantes e espectadores de diversas nacionalidades, polo nivel deportivo das probas que forman parte do campionato, así como pola promoción do deporte de base, do turismo e da economía do noso municipio. Deste xeito, a celebración do evento na cidade de Pontevedra supón, por un lado, a posta en valor da actividade física e deportiva e, por outro, o fomento e a difusión da cidade como promotora de competicións internacionais dun destacado nivel deportivo, promovendo a súa imaxe e a súa oferta cultural, turística, comercial e deportiva. A importante repercusión e difusión da proba e o elevado número de participantes e acompañantes de ata 50 nacionalidades que se achegaron á cidade, así como o gran número de espectadores fai que a actividade teña un importante retorno económico para a veciñanza, promovendo a promoción da imaxe de Pontevedra como escenario dunha proba deportiva de alto nivel.

Os eventos internacionais, pero sobre todo os 2025 World Triathlon multisport championships Pontevedra, supoñen para o Concello un grande esforzo non só para facilitar o desenvolvemento das probas deportivas, senón para mostrar o mellor de nós e do noso municipio aos milleiros de persoas que nos visitaron. Por tal motivo, o Concello fai unha forte aposta para que todas as cuestións que se poden considerar complementarias a un evento, pero imprescindibles para que o propio evento deportivo se poida desenvolver, teñan unha organización perfecta.

De conformidade co anterior, esta Administración considera de interese o outorgamento dunha axuda económica, por importe máximo de un millón de euros (1.000.000,00 €), con motivo da organización do 2025 World Triathlon multisport championships Pontevedra. A relevancia da actividade deportiva sinalada, así como as anteditas razóns de promoción do deporte, especialmente o deporte de base, e da difusión da imaxe da cidade xustifican a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar, propoñéndose que esta poida alcanzar ata o 100% do custe das actividades.

IV. A subvención obxecto do expediente figura prevista co número de ficha con número de orde 2025/DEP/0002 dentro da area de competencia de deportes do Anexo I da actualización do PES para o ano 2025 (aprobada a través do Decreto de Alcaldía do 28.10.2025), pertencente ao Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra para os exercicios 2023-2025 e publicado no apartado de transparencia da sede electrónica do Concello de Pontevedra.

V. A tal fin, no marco das competencias en materia deportiva e de ocupación do tempo libre, segundo os artigos antes citados da Lei 7/1985 e da Lei 3/2012, e en desenvolvemento do plan estratéxico de subvencións para o trienio 2023-2025, este Concello comprometeu no seu Orzamento Xeral para 2025 a aplicación orzamentaria necesaria para asumir unha parte dos gastos que ocasiona a organización de actividades e eventos deportivos, singulares e relevantes, no noso municipio.

VI. O convenio de colaboración resulta o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, consonte ao establecido na actualmente vixente Ordenanza xeral municipal de subvencións, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17/09/2004 (BOP nº 190 do 30/09/2004), baixo a vixencia da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e do Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real decreto 887/2006, de 17 de novembro, así como da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

VII. De conformidade coa normativa propia da proba deportiva motivo do presente convenio, a titular do evento, xa que se trata dunha competición deportiva oficial de carácter internacional, é a Federación Internacional de Tríatlon (WT) que ostenta a máxima representación no eido deportivo federado a nivel mundial e que ten encomendada, de conformidade coa Norma 26 da Carta Olímpica, o desenvolvemento da súa modalidade deportiva a nivel mundial, condición esta aprobada polo Comité Olímpico Internacional.





As federacións deportivas de ámbito nacional forman parte das federacións internacionais como membros reitores destas; no caso do triatlón é a Federación Española de Triatlón (FETRI) a que está integrada na WT, e na que se delegou a organización do campionato tras a designación dunha cidade española, Pontevedra, como sede do seu mundial, consonte dispón o artigo 51 da Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.

Por esta razón, non é posible a convocatoria pública da subvención, xa que a única entidade que pode organizar no Estado Español unha competición internacional na modalidade deportiva de triatlón é a FETRI, máis nomeadamente, a única entidade que pode xestionar en España o World Triathlon multisport championships é a FETRI.

VIII. A Federación Española de Triatlón (NIF Q0878004A) atópase inscrita no Libro de Federacións Deportivas Españolas do Rexistro de Asociacións Deportivas do Consello Superior de Deportes co núm. 48.

En base a canto antecede, as partes intervenientes acordan celebrar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, que se rexerá con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO E ACTIVIDADE SUBVENCIONADA.

OBXECTO

É obxecto do presente convenio establecer as condicións reguladoras da subvención directa de carácter nominativo, das previstas no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que se outorga polo Concello de Pontevedra á entidade Federación Española de Triatlón (NIF Q0878004A), para apoiar a organización do 2025 World Triathlon multisport championships Pontevedra.

Os obxectivos concretos que se pretenden acadar co outorgamento da subvención son os seguintes:

O fomento da actividade deportiva como un elemento fundamental de desenvolvemento da cidadanía, contribuíndo a súa práctica á mellora das relacións sociais e ao incremento do benestar e da calidade de vida de quen o practica.

A promoción da cidade de Pontevedra como organizadora de competicións dun destacado nivel deportivo, promovendo a súa imaxe e a súa oferta cultural, turística, comercial e deportiva.

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA E PERÍODO DE REALIZACIÓN

Actividade	Datas realización
2025 World Triathlon multisport championships Pontevedra que inclúe:	20-29 de xuño de 2025
Campionato do mundo de Duetlon	21.06.2025
Campionato do mundo de Triatlón cross	24.06.2025
Campionato do mundo de Duetlon cross	26.06.2025
Campionato do mundo de Acuatlón	27.06.2025





Campionato do mundo de Aquabike	27.06.2025
Campionato do mundo de Triatlón longa distancia	29.06.2025

Tendo en conta os actos previos, preparatorios e de avaliación do campionato acreditados no expediente coa documentación relativa presentación candidatura de Pontevedra como sede do 2025 World Triathlon multisport championships (Bid book), carta da Presidencia de World Triathlon comunicando a designación de Pontevedra como sede, acordado polo Comité Executivo en data 12.04.2023, actas comité organizador 20.11.2024 e 18.03.2025, estudio de impacto do Campionato, considerase como período subvencionable o abranguido dende a data de preparación da candidatura ata a data de avaliación, dous meses despois do remate do mesmo. De xeito que o período subvencionable irá dende o 01.04.2023 ata o 31.10.2025.

A subvención outórgase de conformidade coas disposicións da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e do seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos (OXS), aprobada polo Pleno da corporación municipal, na sesión do 17/09/2004 (BOP nº 190 do 30/09/2004).

SEGUNDA.- IMPORTE DA SUBVENCIÓN E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

O Concello de Pontevedra comprométese a achegar a cantidade máxima de un millón de euros (1.000.000,00 €), para colaborar nos gastos derivados da organización da actividade obxecto de subvención.

Debido ás especiais razóns de interese público e social que se xustifican no expediente tramitado para aprobación do presente convenio, a porcentaxe subvencionable poderá chegar ata o 100% do custe da actividade.

A achega municipal efectuarase con cargo á partida do Orzamento Xeral do Concello que se detalla, tendo emitido informe a Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito na dita aplicación orzamentaria.

APLICACIÓN	OPERACIÓN CONTABLE	IMPORTE
05.3410.489.17	12025000072587	1.000.000,00 €
IMPORTE TOTAL		1.000.000,00 €

A subvención outorgada polo Concello é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados para a mesma finalidade. Neste caso, na xustificación da subvención deberá de acreditarse o importe, procedencia e aplicacións dos fondos percibidos á actividade subvencionada.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade Federación Española de Triatlón (NIF Q0878004A) está obrigada ao cumprimento das obrigas establecidas no artigo 14 da LXS, no artigo 11 da LGS e no artigo 7 da OXS, e a realizar os seguintes compromisos:





1. A entidade beneficiaria comprométese a organizar no Concello de Pontevedra o 2025 World Triathlon multisport championships Pontevedra e a destinar a subvención ao desenvolvemento da actividade descrita na cláusula primeira do presente convenio.

2. A Federación Española de Tríatlon (NIF Q0878004A) ten a condición de organizadora e promotora exclusiva da actividade subvencionada limitándose a colaboración do Concello a achega da subvención comprometida, polo que esta administración está eximida de calquera responsabilidade que poida derivarse da realización do evento.

Consonte co disposto nos artigos 22 e 23 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, a entidade beneficiaria, como organizadora en exclusiva do evento deportivo, debe subscribir obrigatoriamente un seguro para o suposto de accidente deportivo e un seguro de responsabilidade civil polos danos que se lles poidan ocasionar ás persoas usuarias, a participantes e a calquera outra persoa, como consecuencia das condicións das instalacións ou da actividade desenvolvida nelas.

3. A entidade beneficiaria comprométese a solicitar todas as autorizacións que, no seu caso, sexan necesarias para o desenvolvemento da actividade, e a poñer en coñecemento deste Concello as datas e lugares previstos para o desenvolvemento daquelas, cando non resulte preciso a obtención de licenza municipal.

4. A entidade e o persoal ao seu cargo obríganse a gardar reserva respecto dos datos ou antecedentes relacionados co obxecto do convenio, quedando obrigados ao segredo profesional sobre os datos de carácter persoal aos que poidan ter acceso con ocasión do cumprimento do convenio, obriga que subsiste incluso unha vez que se extinga o convenio. Obríganse tamén ao cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e do resto da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

5. Ao abeiro do disposto no artigo 31 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector público para o contrato menor (a data, considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferiora 15.000,00 euros, cando se trate de contratos de subministro o de servizos), deberán de solicitarse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán de achegarse no seu caso na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía; no caso de elixir a oferta menos vantaxosa dende o punto de vista económico, deberá de xustificarse esta circunstancia expresamente nunha memoria. Exceptuarase este requisito cando no mercado non exista un número suficiente de empresas coas que contratar polas especiais características do gasto.

6. De conformidade co artigo 33 da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra, as publicacións, os carteis, a publicidade e toda produción escrita das actividades da asociación beneficiaria da subvención debe estar en lingua galega.

7. A entidade beneficiaria someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro que efectúe o órgano outorgante da subvención ou calquera outro órgano competente, achegando canta información lle sexa requirida.

Nomeadamente, e no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos, a entidade beneficiaria está obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia. Neste senso, a súa actuación estará sometida á esixencia de responsabilidade contable nos termos e co alcance que determine, no seu caso, o axuízamento dos anteriores órganos.

CUARTA.- OBRIGACIÓNS E COMPROMISOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

O Concello de Pontevedra comprométese a:

1. Conceder á Federación Española de Tríatlon unha subvención por importe de 1.000.000,00 € para colaborar nos gastos derivados da organización do 2025 World Triathlon multisport championships





Pontevedra

2. Habilitar e fornecer, na súa condición de cidade anfitrioa, os espazos públicos da súa titularidade para a benvinda, recepción e despedida.3. Darlle á organización toda a información que poida achegar para o desenvolvemento das actividades.4. Difundir, a través dos instrumentos e canles de comunicación dos que dispoña o Concello de Pontevedra, a celebración nesta cidade do citado evento deportivo.

QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN DA ACTIVIDADE

1. Enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación de aqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por sí mesmo da actividade subvencionada.

2. De conformidade co que prevé o artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e no artigo 68 do seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, a entidade beneficiaria non poderá concertar con terceiros a execución da actividade por importe superior ao 50% do custo total do proxecto.

3. A beneficiaria non poderá concertar en ningún caso a execución parcial da actividade nin contratar as prestacións de bens ou servizos necesarios para a realización da actividade coas persoas ou entidades que enumera o punto 7 do artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

SEXTA.- GASTO SUBVENCIONABLE

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período subvencionable.

Considerarase como período subvencionable o abranguido dende a data de preparación da candidatura ata a data de avaliación, dous meses despois do remate do mesmo. De xeito que o período subvencionable irá dende o 01.04.2023 ata o 31.10.2025.

Os gastos relativos as actividades de preparación e avaliación do evento serán subvencionables ata unha porcentaxe máxima do 10% do total da actividade.

O IVE soportado, que deberá de constar desglosado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Poderán subvencionarse os gastos de persoal propio ou contratado que estea dedicado directamente á organización e desenvolvemento da actividade subvencionada. Nestes gastos poderán incluírse os custes derivados do pago das retribucións ao persoal vinculado á actividade, así como as do persoal alleo á entidade beneficiaria con contrato de arrendamento de servizos, de colaboración ou semellante, segundo a normativa que lle sexa de aplicación.

Os gastos de persoal que traballe un tempo parcial na actuación subvencionada calcularanse como unha porcentaxe equivalente ao tempo efectivamente dedicado á actividade subvencionada. Neste caso, a representante da entidade beneficiaria emitirá un documento no que se estableza a porcentaxe que o persoal traballou para a dita actividade. Non poderán incluírse neste concepto os gastos orixinados polas persoas que integran a xunta directiva ou consello de dirección da entidade beneficiaria, derivados do exercicio desas funcións.

En ningún caso existirá relación de servizo ou laboral algunha entre o persoal que preste os seus





servizos para a entidade beneficiaria e o Concello de Pontevedra.

Só se admitirán gastos de viaxes daquelas persoas dedicadas á organización e desenvolvemento da actividade subvencionada, sempre que figuren nominativamente identificadas nos documentos xustificativos dos gastos.

Poderán ser subvencionables os gastos derivados de celebracións gastronómicas ou protocolarias, sempre que estean directamente vinculados ao programa ou proxecto subvencionado, e se especifique ou ben na factura ou na memoria da actividade as persoas destinatarias destes gastos.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización da actividade subvencionada e os de administración específicos, poderán ser subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación e execución da mesma.

O custe do informe de auditoría externa considerarase gasto subvencionable, ata o importe máximo do 0,5% do orzamento total subvencionable do proxecto.

2. Non serán subvencionables en ningún caso os seguintes gastos:

- a) Os gastos realizados fóra do ámbito temporal da actividade ou proxecto subvencionado.
- b) Os gastos pola compra de mobiliario, de equipos informáticos ou de telefonía, e, en xeral bens que sexan de carácter inventariable.
- c) Os intereses debedores das contas bancarias, recargos, gastos derivados de operacións de crédito, nin gastos financeiros.
- d) Gastos derivados dunha mala ou ineficiente xestión dos fondos públicos.
- e) Sancións administrativas e penais, así coma os gastos de procedementos xudiciais
- f) Os gastos suntuosos e os que correspondan a consumos que poidan resultar nocivos para a saúde das persoas ou contribúan a producir unha infracción das normas reguladoras da ordenación do territorio, o medio ambiente ou o patrimonio histórico-artístico.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da subvención realizarase previa xustificación pola beneficiaria da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención. O procedemento rematará coa resolución que aprobe a xustificación da subvención do Concello.

A conta xustificativa presentarase a través de medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal/>) ou en calquera dos rexistros electrónicos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A falta de xustificación ou a xustificación insuficiente terá como consecuencia a perda do dereito total ou parcial da subvención ou, no caso de pagamento anticipado, o reintegro das cantidades xa percibidas.

O prazo máximo para a presentación da conta xustificativa será de tres meses dende a sinatura do presente convenio. A presentación da conta xustificativa fóra do prazo establecido constitúe unha infracción leve, ao incumprir as obrigas establecidas na normativa reguladora das subvencións públicas, e dará lugar á imposición das sancións previstas legalmente.

Poderase conceder unha ampliación do prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención cando así o solicite a entidade beneficiaria como mínimo un mes antes de que venza o antedito prazo. A ampliación deste prazo será resolta polo órgano competente, e non poderá exceder da metade do prazo inicial, sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.





A xustificación realizarase mediante o sistema de conta xustificativa con achega de informe de auditor previsto no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006.

Esta conta xustificativa conterá a documentación prevista no formulario normalizado facilitado pola Administración no procedemento 210B da Sede Electrónica do Concello de Pontevedra, comprensiva de:

- Solicitud de pagamento no modelo normalizado facilitado polo Concello.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria técnica e dossier gráfico da actividade subvencionada, indicativa dos traballos realizados e do cumprimento do obxectivo do proxecto e do cumprimento das obrigas de comunicación e publicidade do financiamento do Concello de Pontevedra. Nesta memoria incluírase información suficiente para poder valorar o impacto social, económico, turístico e deportivo do proxecto subvencionado.
- Memoria económica abreviada, na que se indique o detalle dos gastos realizados e dos ingresos, subvencións ou axudas que financiaron a actividade subvencionada con indicación do seu importe e procedencia, as cantidades inicialmente orzamentadas e as desviacións producidas e a relación de documentos xustificativos do gasto aplicados á subvención outorgada polo Concello.
- Declaración responsable da entidade beneficiaria relativa ao cumprimento das condicións e obrigas impostas coa concesión da subvención
- No caso de non autorizar ao Concello a consultar ou recadar os datos ou documentos necesarios para a tramitación da solicitude de pagamento, deberán achegarse tamén as certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal Tributaria e coa Consellería de Economía e Facenda.

A conta xustificativa irá acompañada dun informe de auditoría de contas, realizado por unha persoa que estea inscrita como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

A revisión da conta xustificativa realizada pola persoa auditora de contas axustarase ao disposto na "Norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo" aprobada por Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio. Ademais de a esta norma, prestarase especial consideración aos seguintes criterios:

- Só se terán en conta á hora de realizar a revisión os conceptos que teñan a consideración de gasto subvencionable segundo o disposto neste convenio.
- Verificará e revisará a memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións da subvención establecidas neste convenio e na normativa reguladora das subvencións públicas.
- Verificará e revisará a memoria económica abreviada de gastos, ingresos e desviacións acaecidas, así como a veracidade da relación de documentos xustificativos dos gastos imputados á subvención do Concello. No seu caso, incluírá tamén unha xustificación das desviacións acaecidas respecto ao orzamento considerado na concesión da axuda.
- Acreditarase o cumprimento do disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 xeral de subvencións relativo á solicitude de ofertas de diferentes provedores cando o importe do gasto subvencionable supere as contías previstas na LCSP para o contrato menor.
- Comprobar que os gastos presentados en concepto de gastos directos de persoal propio proceden





de persoal pertencente á entidade beneficiaria que participou no proxecto subvencionado.

- Farase expresa mención a que as comprobacións realizáronse sobre o 100% das facturas e pagos en firme presentados como xustificación, e que figuran no formulario presentado no Concello. Así mesmo farase constar que a beneficiaria dispón dos documentos orixinais acreditativos das devanditas facturas e pagos.
- Verificarase que as datas de emisión das facturas estean incluídas no período subvencionable de conformidade co convenio e que estean emitidas unicamente a nome do beneficiario da axuda.
- Verificarase que os pagos bancarios estean realizados no prazo de xustificación do proxecto, segundo o previsto no convenio e no artigo 31.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- Incluirá unha copia das facturas xustificativas dos gastos e dos seus correspondentes xustificantes bancarios de pago.

As facturas xustificativas da subvención deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago.

Só se admitirá como xustificante de pagamento o correspondente xustificante de transferencia bancaria. Non se admitirá como xustificación do pago nin o pago en metálico, nin os pagarés, nin os cheques que sexan nominativos ou ao portador.

Deberá indicarse pola beneficiaria a data da realización do pago e, no caso de que este non poida acreditarse coa conta xustificativa, a entidade beneficiaria deberá de comunicar ao Concello a realización do pagamento no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesourería Municipal.

OITAVA. PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DA SUBVENCIÓN

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade da subvención concedida polo Concello e do carácter público do financiamento da actividade.

De acordo con isto, deberá de destacar en lugar preeminente a colaboración económica do Concello de Pontevedra, na documentación da actuación, nas informacións, materiais e anuncios de difusión da actividade que realice e tamén na páxina web e nas redes sociais do evento, de acordo coa imaxe corporativa do Concello de Pontevedra.

NOVENA.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN

No exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos, a entidade beneficiaria está obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia.

Neste senso, a súa actuación estará sometida á esixencia de responsabilidade contable nos termos e co alcance que determine, no seu caso, o axuízamento dos anteriores órganos.

DÉCIMA.- ÓRGANO DE SEGUIMENTO, VIXILANCIA E CONTROL DA EXECUCIÓN DO CONVENIO

Para o seguimento das actuacións previstas e a solución de calquera controversia que xurda en canto á interpretación dos termos do presente convenio, constitúese unha Comisión de Seguimento integrada polo alcalde ou concelleiro/a no que delegue e o presidente da asociación.

UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

En todo caso, a modificación do contido do convenio requirirá o acordo unánime das partes asinantes do mesmo.





DUODÉCIMA.- VIXENCIA E CAUSAS DE EXTINCIÓN

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no intre da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2025.

Serán causas de extinción deste Convenio:

1. O transcurso do prazo da súa vixencia e a realización do seu obxecto.
2. O acordo unánime das partes asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lei.

O incumprimento do obxecto, actividades e compromisos establecidos no convenio por parte da entidade beneficiaria dará lugar á incoación do expediente de reintegro da subvención, ademais da imposición das sancións que, no seu caso, resulten oportunas.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 e o Real Decreto 887/2006 nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos do Concello de Pontevedra e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O Concello de Pontevedra obrígase a cumprir o Regulamento (UE) 2016/679 Xeral de Protección de Datos (RXPD) e a Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

RESPONSABLES DO TRATAMENTO: Concello de Pontevedra (P3603800H) e a Federación Española de Triatlon (Q0878004A).

FINALIDADES DO TRATAMENTO: A xestión do Convenio;

LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO: Relación contractual en base ao Convenio establecido (artigo 6.1,b do RGPD) e o exercicio dos poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD).

DESTINATARIOS DOS DATOS: As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión do Convenio;

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais do Responsable.

EXERCICIO DE DEREITOS: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento





Concello
de Pontevedra
Deportes

outorgado a través da sede electrónica na sección “Dereitos sobre Protección de Datos”;

CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL:
dpd@pontevedra.eu

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio, no lugar e data ao principio indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha delas.

